

# A·ROSA·TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 89

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

A CRUÑA 15 DE MAIO DE 1919

## Comentario d'autualidade

### VATICINOS DIFÍCILES

Ninguén pode prever o que pasará na España despois das eleccións. O maurismo, por si sóio, como partido homoxéneo, até o d'agora non tiña forza d'abondo pra gobernar, pese ás bravatas e fanfarronas das seus secuaces. Boa proba d'elo é que aquela soberba do xefe dou en terra e que o apocalíptico e indobregabre don Antonio non tivo outro remedio, comprendendo eisi, que baixal-a testa e mendigar preteizón e axuda d'aqueles que tan combatidos foran por él e polos seus. Ista foi a primeira enseñanza que se deduxo da entronización maurista: a comprobación total e ausoluta da falla da afinación e d'arrago do maurismo no país. Pasenamente terán d'írese deducindo moitas más.

Agora ben, teremos despois da loita eleitoral unha maioría conservadora. Onde non haxa opinión d'iste xeito, as presións e as demais maniobras teterán de facel-o milagre. Quen goberna e fai as eleccións, dentro do actual réximen, sempre dispón d'aquela. Mais ¿unha maioría conservadora será o mesmo qu'unha maioría maurista? Pra chegar a agrupazón gobernante ó dito resultado, foille ausolutamente perciso aliártelle cos idóneos, con aqueles n-outra, tan aborrecidos conservadores de Dato, que foron até a data, pol-a sua parte, os más grandes enemigos do maurismo. Idóneos houbo, e dos de mais prestixio, como o exministro Bugallal, por exemplo, que ainda non fai moi tempo manifestara n-unha declarazón, que primeiro que cos mauristas o seu partido xuntariase a Besteiro, ó socialismo. A sua vez os amigos de Maura chamaban ó partido idóneo e ó partido liberal partidos de «vaso e grifo».

¡E ben certo o refrán! Ninguén pode decir d'istá auga non beberei. E Maura pese ó seu orgullo, pese á sua honradez e á sua pureza de principios, ten que some-

rése ó que esecrou ante o xeneral aprauso da opinión, pra poder ire tirando no Goberno. A sua forza moral, cicas sin culpa súa, sinón por imperio das circunstancias—inda qu'isto sexa moi discutible—aparece eisi limitada, capitidismiuída. E si a isto engádase que a loita das esquerdas e das oposizóns en xeneral contra do maurismo ten de ser sañuda e implacavel—inda que polos bizantinismos a que están afetadas non-o sexa tanto como debera—máxime cando pol-o xeito opaco en que se desenvolveu a crisis levan aquelas ó seu favore certas somas de razón, moi difícil resulta poder vaticinar nada seguro pr'ó mes proximo. A dúbida e a incertidume mais grandes reinan hoxe, casi como de cote, na política vergoñosa e picaresca do Estado hispánico.

Esculcalos misterios do firmamento e profetizar sobor d'eles, anque sexa pra moitos anos, coidamos que se fai mais fácil qu'o outro. Dígao, sinón o «Verdadero zaragozano» que deixou pronósticos do tempo, Deus sabe até cando, pro qu'en política—falamos sóio da española—non podería facelos nin ainda pra un mes. O mais ausurdo, o totalmente ilóxico, o antinatural, todo o que poida supórse mais incongruente e paradóxico, velái o que, d'un xeito seguido, sin soluzón algúnsa de continuidade, vense donando dentro da política española usual, política que, pasenamente, vai realizando aquela obra destructora qu'os nosos revolucionarios de double non souperon ou non puideron facer.

### SIBILISMO

Todolos comentarios xiran hoxe en torno a Conferenza da Paz. O Tratado de Versalles é ouxeto de cantas conversas se suscitan. O aniquilamento do Imperio alemán, é a gran nova que vai, adoada con

apostolas, de beizo en beizo. Ben caro paga aquel imperio o seu desate militarista. Ficará reducido a pouco menos que á condición de colonia dos aliados. Mais ¿poderá resistir as graves imposizóns de índole económica que do Tratado de Versalles se derivan? Hai, sin dúbida, unha xustiza inmanente que vela polos pobos como polos individuos. Graves foron os motivos d'enoxo pra a humanidade que Alemania donou. Mais o castigo grave é tamén. O un está en relazón co outro.

Si é certo que nos Campos Eliseos—como dixo o crásico—as somas dos mortos amigos camiñan paralelas, comentando as causas do mundo que maior intrés despertaron nelas, non sería difícil que Bismarck e Fithe, dialogasen hoxe por tales onturas acerca da soada paz, entre os mirtos sagros.

¡Qué pensará Bismarck da sua obra, desfeita agora, cicas pra sempre! ¡Qué pensara Fithe, o considerare qu'en van foi escultor d'ise pobo, perdido quen sabe oté que punto! O canceller de ferro chorará bágoas acedas de suprema desesperazón. E o autore dos corenta discursos á nazón alemana, trémulo de dór, arroxará aqueles discursos ó valeiro, logo d'esnaquizalos arradamente. Amos, cicas, dende o outo asento da inmortalidade, onde as pasións da terra xa non exércen infuencia, rematen por faceren xenias considerandos, unha vez sereos os seu espíritos, acerca do deleznabre das glorias do baixo mundo. Porque anque «alá enriba», todo é serenidade e augusto calma, cabe supór que diante d'unha tragedia como a que hogano sofre Alemania, almas reperentativas do patriotismo xermano, cal as de Bismarck e Fithe, sintan supetamente o humano transcidente...

Nós non acertamos a formarnos a mais remota ideia acerca do xeito e maneira como Alemania pode voltar a iniciar a reconstrucción da sua pasada grandeza. Fica en calidade de pobo escravo d'outros pobos, pra os que ten que producir riqueza, Deus sabe até cando. Constreñida a sua potenza económica, limitada a sua potenza militar e política, intervida a sua vida interna n-algunhos esenciais aspectos ¿aonde poderá ir?

*¡Si Bismarck e Fithe dialogasen!... ¡Si a nós nos fose donado escutar o seu intresante diálogo!... ¡Calade! Antóxasenos que ó noso ouvido algun acaba de decir... Fixémosnos... Son verbas vagas e lonxanas:... «a nova misión de Alemania e fabricare a dinamita espiritual, que barrerá as vellas organizações europeias.»*

V. P.

## Fundamento do dereito de propiedá

Por Arturo Noguerol

Pódense facer dous grupos coas teorías que tratan d'espicar o fundamento do dereito de propiedá: un coas que fundou a propiedá n-un auto individual, y-outro coas que a fundan n-un auto social. O primitivo grupo pertenece ós qu'o fundan na ocupación y-o traballo: o segundo ós qu'o fundan no pauto social e na lei civil.

A ocupación é a aprehensión material d'as cousas que son de ningún.

Ainda que as razas primitivas frento ó dereito de conquista puñan a ocupación, porque vale más como título que a expulsión do débil pol-o forte como non representa o feito do traballo non pode servir de fundamento a un dereito perpétuo como a propiedá da terra tal como hoxe o concebimos.

¿Será o traballo? Non, ainda que opinen o contrario eminentes economistas, e pra convencernos apriquemos o principio a realidá. As carballeiras, as touzas, os soutos, os amieiros que crecen ás veiras dos regatos y-os prados naturales ¿son por si acaso o produto do traballo d'os seus donos? Non.

O labrego tén dereito á propiedá d'os froitos, non porque sean o produto do seu traballo, senón porque como dono qu'é da terra o seu dereito de propiedá estendese a canto veu d'ela ou se xunt'a ela.

¿Será entonces a convención ou a lei civil o fundamento do dereito de propiedá? Tampouco, porqu'a teoría da convención está asentada n-unha proposición de *subiecto non supponente*: o *estado anti ou estra social* é o xénero de vida mais natural do home e solasmentres por un error se decidiu mediante un convenio, a vivir en sociedá. O home é un ser sociable por natureza. A teoría de Benthan que decía: «A propiedá y-a lei, naceron xuntas e morrerán xuntas. Antes da lei ningunha propiedá: quitade a lei, e toda propiedá cesará» non tén base segura tampouco, pois esquece qu'a lei non cre'a esencia do dereito senón que lle sirve de canella;

además tal teoría lexitima o despoxo, feito pol-o estranxeiro posto que non está suxeto ás leis nacionaes, e ademite impunemente qu'a lei que creou a propiedá pode desfacela.

Cal será, pois, o fundamento da propiedá individual? A utilidá social porque os feitos (qu'é o que se debe atender) demóstrannos que hast'a fecha a propiedá individual foi a condición *sine qua non* pra utilización d'as riquezas y-o (1) estimulante mais enérxico da produción e d'aquí o que Balmes diga con moito atino: «sendo todo de todos, igual dereito teria o traballador que o perguizán, y-os traballo non atoparián recompensa y-así fallaría o estímulo pra traballar».

(Do folleto en venda «Parolas sobre a propiedá».)

## PROSA LÍRICA

### LIBERTADE

#### I

Armunia? Beira do Iliso Socrates ora:  
«Ouh! Pan e vos deuses todos destas ondas, dademe a beleza interior do meu espírito e facé qu'o meu esterior estea sempre d'acordo con esa beleza espiritual; que sempre o sabio me pareza rico e que teña tantas riquezas como un home prudente poida soportar». As palabras voadoras do ateniense evanxe no ar diafano.

#### II

Forza? Erina na lesbia costa, tremente a man na lira (quenta soberbo o sol) canta:  
«Salve ouh! ti aureomitra da filla de Arés, señora dos valerosos, habitante sober da terra no Olimpo sempre indemne. Só a ti deu o antigo Fado a eternamente perdurante gloria de gobernares con creadora potencia. Baixo o teu jugo por tecido coiro, os peitos da terra e do plumbeo escurante mar s'opriuen; firmemente rejes dos pobos as cidades. A idade immensa que toda cousa abala e transforma diversamente á vida, somente a ti non troca a epoca prospera do teu ser propio. De todos, unica ti, que fas nascer os grandes, vatudos guerreiros, colleita tes de homes, cal Demeter froito de roiba espiga».

#### III

Forza nai d'armunia cada vez mais gran-

(1) «O mesmo progreso da agricultura eisixe unha espratización individualista do chan. O fin da reforma agraria non ha de consistir en facer acesible o chan a tod'a nación como tal, senón a unha gran parte d'os seus súditos (Dr. Enrique Herkner, catedrático d'Economía na Universidade de Berlin).»

de e posente, loita conqueridora d'unha vida que se espande, arela do existir gigantescamente human, es ti ouh Liberta-de santa!

JOHAN VIQUEIRA,

### Diante d'unha farsa

Cando istas líñas se publiquen xa terá aprescrido na «Gaceta», o decreto convocando a novas eleccións de representantes en Cortes. A farsa de sempre vaise repetire novamente ly en que circunstanzas e conque preparazón! Atendendo os preparativos e a xuzgar pol-a situación exceisional porque atravesa o país, a farsa n-esta ocasión val a sere mais farsa que nunca. E o novo Parlamento superará ó recentemente asasinado, alevosa e traidoramente, pol-a sua condición de falso e de vergonhoso. Unha vez mais as noxentas clientelas políticas —vulgo partidos históricos— voltarán a amosárense como únicas acaparadoras da vontade d'un pobo fallo n-ausoluto de vontade, de arrestos e da más mínima expresión d'espirito cibdadán. E isto en plena liquidación europea, ou mellor ainda mundial, cando todolos Estados, con maior ou menor intensidade, apréstase a donar o máisimo de participazón os seus cidadáns na gobernação dos mesmos! Pro elqui, na España, lonxe de seguirse as correntes universaes que tal marcan terá de seguirse, e xa se ven seguindo, a marcha contraria. D'un xeito brutal, radicalismo, como si a Península pertenecera a outro planeta, bótanse por terra as esprazas renovadoras que, n-un momento de inxenuo optimismo, concibiran unhos cantos ilusos. E o pobo que de cote viveu ó marxeen de toda autuación cibdadana, por obra escrusiva das noxentas e presidiables oligarquías que dende longa data lle vefien detentando o seu lexitimo dereito a sere gobernado sin tutorias, ollará como agora, cando coñécese que iba a sere tido en conta fagendo pesar o seu valimento e as suas decisións, é bulrado de novo pra sere alouizado, cicals más que nutra, da posibilidade de comtemplar a sua soberanía convertida n-un feito real e tanxible baixo o réximen actual.

E non son as culpas de que tal suceda patrimonio escrusivo dos labercos que desgovernan. Non. As culpas son de todos, ausolumente de todolos partidos monárquicos, chámense istes liberaes, conservadores, demócratas ou como queirán chamárense. Por iso, cando n-istes días se falaba d'abstenzón é de retralmento eleitoral por parte dos partidos de *vaso e grifo* qu'agora non banquetean na táboa do Presuposto, nós non podíamos menos de comprender que tales profetas non pasaran da categoría d'iso, de proletarios, e que no fondo, non había más qu'a ficción d'unha xenreira non sentida contra da xuntanza desgobernante pra embaucar ós parvos que áinda creen na esistencia de diferenças e de enconos i-enemigas políticas entre os partidos da monarquía, como si todos eles non debesen a sua vida ó calor, e ó apoio mútuo qu'unhos se donan ós outros... Ademais, como o historial das noxentas partidas gubernamentais hásase todo él tecido de deslealtades, traizóns e deshonestos procederes o feito hoxe por unha repiteste ó mellor mafian por outra, solo que correxido e aumentado. Por iso natural é que, ante tales xentes, todo se disculpe e que nos partidos que forman pese molto o dito tan popular de «hoxe por ti e mafian por mí».

Por consiguiente, lida qu'o feito pol-o mafismo foi unha labercada, unha cousa sin nome (quién podera pôr en dúbida qu'a laber-

cada aludida non terá de repetirse o dia de mañan por calquera das partidas chamadas partidos históricos? E sendo isto así, sendo unha cousa indubidable (cómo aprestárense as gavillas dos intereses creados a feitos, cal o da abstención eleitoral, que poderán levar consigo a continxencia de futuras e análogas represalias cando a hora do seu mangoneo les chegase? Cando s'ollou qu'os lobos se comeron unhos a outros?

Maura sacará maioría nas próximas Cortes, unha emagante maioría, feito como está xa o vergoso consorcio, o inmoral contubernio dos que, tan furiosamente, até fai poucas datas, se combatiron con todal-as armas e procedimentos. O país aparecerá trocado supetamente en mauro-idóneo-conservador por obra e gracia da taumaturxia do cursi arlequín balear e da sua plara de *ninos bien*; os grupos d'oposición (?) seguirán nas Cortes en número de representantes. E, como de cote, ficarán valeiros unhos cantos postos pra que poidan ser ocupados polos persoellos das agrupazóns políticas, das solas agrupazóns políticas que verdadeiramente representan ideas encarnadas en grandes masas de opinión. Tal será a constitución do Parlamento con que a España do momento da gran liquidación mundial ten de arreglar a sua vida interior pra axentala as novas orientazóns e as modernas correntes mundiales. Vergoña, noxo, xenreiral

\*\*\*

A patria galega, parte integrante do Estado español e tan favorecida de cote pol-o asoballamento das oligarquías presidiabres, sufrirá, cíclais mais que nunca, a invasión do *estado llano* das ditas oligarquías. E desde o Mella ancestral, prehistórico e troglodita até o Sainz de Vicuña mellíuo e cándido, pasando pol-o Bugallal tiránico e facheado como un Zar e o Leonardo tornadizo como unha veleta, sin esquecer os rexionalistas de aluvión, de patria chida e de viveza grande, toda ausolutamente toda a gama dos servos e dos lamecús apreserá dende o primeiro de Xunlo representando a ista disgrazada patria tan digna de millor sorte e tan abandoada de todos.

Agora ben, o acontecemento a ningúen ten d'abriare, pois ¿quén non sabe qu'os representantes en Cortes de Galicia endexamais representaron o pobo? E isto, si ben se olla, non deixa de sere algo lóxico e natural. As comparsas caciques son o único qu'elquí soupo manterse firme e axexante con caracteres d'organización dende fal anos, donando probas de vitalidade e de puxanza. O demais, o demais é algo caótico que, pol-a sua mesma condición de tal, endexamais abranguen impártase nin tan sliquera a medias. A sola excepción constitúna os beneméritos núcleos nazonalistas que, esguios e todo como son, xa levan feito d'abondo, sendo unha risotia esprazada pra un porvir non lonxano, cando a sua forza se haxa intensificada un pouco máis. E istos núcleos que donan a sensación d'un berro n-un deserto, terán de sere agora, como dende que surxiron, a única expresión cibdadana d'unha Galicia viva e latente que fará consignar a sua protesta enerxica e ateigada de rebeldía, cal de cote o ven facendo, contra a nova antroidada con que o centralismo ten d'ousequírenos no próximo mes. E antrámentras, as agrupazóns políticas que se dán persoellos dos sectores da opinión democrática e cibdadana, seguirán consumindo as suas enerxías e os seus azos, nas loitas estériles do fulanismo ou en bizantinismos inutilizadores; autuando d'un xeito inconsciente como cómplices do asoballamento oligárquico e facendo boa a dominación e o mandato dos que, até hoxe e cíclais ainda por longo tempo, venían aparecendo ergueitos e soberbos como

únicos donos e señores da agriloada opinión galega.

UN NAZONALISTA.

## Bágoas de nai

### BALADA

#### I

Era unha probe nai que tiña un fillo en terra allea, mais alá dos mares, ond-o levaran sonos de aventura ilusions d-emigrante.

Sobre unha pedra da nativa praya, todolos días, ó morrel-a tarde, pol-o filliño, mártir do recordo, choraba inconsolabre.

O caer antrás augas do mar calmo as bágoas limpas, mornas e brillantes, eran por roibas fadas recollidas en nacarado calis.

E trocándose en peltras relocentes, como filias do amor mais puro e grande, en segredo, agachábanas nun pazo d-escumas e cristaes.

#### II

Esquencido do chan en que nacerá e da nai garimosa que o choraba, nuns roxos beizos de muller, o mozo presa deixou a y-alma.

Un día que por precio ós seus feitizos pidéu ela unha xoya que soñara, hastr-o fondo do mar baixou en busca da milagreira alaxa.

E roubando ás ondinhas o tesouro, fixo un collar das pelras encantadas que colocou, trufante, sobr-o peito da muller adourada.

Mais cando ardendo en frebe de deseños puxo os beizos no seo en que brillaban, palideceron de dolor as pelras e trocáronse en bagoas!

RAMÓN CABANILLAS.

### DE MÚSICA

## Para o mestre Doncel

Pensamos ouvindo a Filarmónica cruñesa algunas cousas. Que esa Filarmónica está ben, e merece un aprauso. Que o director ten de ser tamén moi gabado. Pero... (xa pareceu o pero) que esa Filarmónica, carecendo d'un entusiasmo ideal colectivo, reducindose soio a causa d'amateurs do arte pol-o arte, coma hastra agora, non terá moita duranza.

Non é unha entidá de profesionás, senón de aficionados. Non ten, pol-o mesmo, estimolo material. Non tendo estimolo material, sempre, infa moi meritaria e progresiva, ficará por baixo das colectividás so-

mellantes (a de Raventós verbigracia) e nunca nos poderá ofrecer cousas novas que aquelas non os oferzan.

Unha Filarmónica com'a cruñesa, sostérase, pois entón realizaría misión casi necesaria, se por Galicia non chegaren anualmente boas orquestas, ou se ela s'adecara a facer unha tournée periódica pol-as pequenas vilas a onde non chegan outras colectividás educadoras do gusto artístico.

Pero como a Filarmónica faceríase unha institución trascendente, patriótica, seria axeitándose a servir de medio intérprete d'aquelas composicións galegas que os intelixentes na música escribiron. Non pode haber teatro galego se non creamos coma cousa esencial e primaria unha escola de actores. Creada esta escola, xurdirán autores xeniás sen dúbida.

Pois o mesmo socede co'a música. Mientras non haxa unha colectividá que se comprometa e sirva para interpretar cousas enxebrés, non xurdirán compositores modernos. Pero haxa esa colectividá, e veredes si Galicia impón no mundo unha escola musical. ¿Qué para chegar a isto hai que transixir co'a execución de moitas composicións medianiñas? Dende logo. Pero a xente que vaia ós concertos da Filarmónica cruñesa daquela, levará curiosidá por ouvir "estrenos", ademais do que se oí agora. Conforme?

## -aos leutores

Temos gran satisfação en pór en conocimento dos nosos leutores que "A Nosa Terra" se ollará honrada d'elquí en diante coá colaboración constante e permanente das melhores prumas da intelectualidade nazonalista galega, que val tanto como decir da intelectualidade da Galicia, xa que toda ela—a verdadeira, non a falsa e aparente; obras son amores...—aparece sumada á causa da redención patria que solamente espíritos cativeiros non aceran a comprender e pol-o mesmo a sentire.

Antre outros, podemos donalos nomes de Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Aurelio Ribalta, Gonzalo López Abente, Francisco Porto Rey, Antonio Losada, Arturo Noguerol, Manoel Benet Fontenla, Francisco Vázquez Enríquez, Victoriano Taibo, J. Rodríguez de Vicente, ademais dos que, até a data, viñeron colaborando asiduamente e sin interrupción algúnhia.

## VERSONS NOVOS

### Dios cremente

Traballou tod'a vida o malpocado  
coma un negro,  
sen conseguer mais que mata-l'a fame  
e vistir de remendos.

Nunca soupo de rires nin farturas,  
non soupo de folgar, en ningún tempo.  
Sempre tivo de costas á fertuna  
semprre tivo o sofrir, por compañoiro.

Pideulle a Dios, remedio pr'as suas dores  
e n'atopou remedio.  
Pregoull'o Ceo consolo os seus queixumes  
y'estivo xordo o Ceo.

A mala Fada, iña con él decote,  
pro n'o tocante á nenos...

Dios qu'è sabio, y'è xusto y'è cremente,  
sin ter que ll'os pedir, doullos a eito.

### Os nenos

¡Que ledicias, os pais sinten o miralos,  
tan bunitos, tan sanciños e algareiros!

¡Canto un rí c'as suas gracias  
e c'as suas garatuzas de pequenos!

¡Canta luz teñen seus ollos!

¡Canto mel teñen seus bicos quenturentos...!

Son uns anjo-l'os meniños;

Son uns anjos... cand'o forno istá ben cheo.

F. PORTO REY.

alborada que brilo de relampo, e os seus ollos  
fixos quedan mirando o xogo lúmioso das  
segadoras fouscías.

Na miña aldea hay pombas que semellan  
foleras de neve cando yóan, e son mestras  
de amor; hay paxaros cantareiros que entón  
himnos á libertade; hay froles arrescentes  
e regatos marmuladores.

Pol-o inverno baixan dos montes c'o frío e  
co-a fame lobos feros, e de cote temos con  
nosco cars de palleiro que morden sin ladrar.

Estes, pra os señoritos que queiran os no-  
sos votos, pra vos as pombas, os paxaros, as  
froles e os regatíños.

Viude pols, irmáns, que a miña casa no ten  
portas pechas.

E á elas estou. E noite e na aldea recollé-  
mos co-as galñas.

Quedo esperándovos.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Muxía, 10 de Maio de 1919.

## LOIS TAIBO

Tornou de México onde viviu moitos  
anos, o escelente compositor musical Lois  
Taibo, irmán do noso querido amigo e  
ispiradismo poeta, Victoriano.

Lois Taibo, autor de cousas tan fermosas,  
enxebres e conocidas como «A despedida do emigrante», «Como chove miudinho» o «Nouturnio» e o «Himno Galego»  
(letra de Brañas) chega en boa hora a sua  
terra patria. Chega cando fan falla compo-  
sidores que alenten o rexurdir trunfal do  
galeguismo.

Lois Taibo, que inda mais de artista é  
tamén home de cencia e conferenciente  
notable, e leva honrado moito a nosa raza  
na terra mexicán, merece un fervente e  
agarrigante siudo de cantos sintan amore  
por todolos galegos de valimento, coma  
sintimol-o nós.

E agora unha pergunta: os dous  
Taibo, un poeta; bon poeta e o outro  
músico, bon músico ¿non poderían facer  
algo en conciencia, dino d'eles?

## Cartas da aldea

Camín costa abaxo cara ó meu branquillío  
lugar, relucente entre a follaxe dos árbores ar-  
mónicos. Véñio saturado de melancólica le-  
dicia. Na cumbe pedregulento do fecho alto  
olhei as terras verdes da comarca e divisé ou-  
tros cumes lonxanos que me falaron de ou-  
tros vales e d'outras xentes.

Penséi na cibdade que se remexe febril, e  
esquecéndome dos bós, lembréime da turba  
señoril, fidalga e linda, que reloce nas rúas  
perfumadas.

Agora o sol derrubase, coma un xigante  
fatigado, enriba d'un piñelal e, como non  
poldía menos de suceder, tocan á oración as  
campanas da parroquia e corren retumando  
no ar as notas cristalinas d'un alalá.

Señoritos, non veñás a turbal-a paz dos  
meus campos.

Fácede os vosos amaiños aló, e non vos  
lembredes hoxe dos que tivechedes esqueci-  
dos de cote.

Señoritos, deixádenos durmir abondo, has-  
tra que, por fin, despertemos fímentos de  
equidade e de xustiza. ¡Qué lindo despertar!

Mais, non, meus almíbarados amigústios,  
non, non despertaremos sin avisarvos. Polde-  
des estares tranquilos; pro, antretanto, deixá-  
denos durmir.

O rexer d'un carro tirou do fio das misias  
meditazóns e desfixo o novo das ideas.

¡Ora o demol! ¿Pra quéu falaba eu? Os si-  
ñoritos perfumados, freisibres e abalantes,  
coma tallos de frol, non entendean o meu lin-  
goaxe que cheira a pôo de agro e a corte de  
gando. Eles non me lerán, nin me enten-  
derán anque me léan. Fallo pra vos, meus ir-  
máns; e vos si que me entendedes a media  
parola.

Olide: Vos si que poídeis entrar na miña  
casa blanca, xantar enriba dos Inmaculados  
manteles arrescentes á mazáns, acougar  
nos leitos que aquí tendes dispuestos, pillar  
froita da miña horta e briucáredes canto qui-  
ixer polos meus eldos. ¿Non sosedelos meus  
irmáns?

Nós fondos e vízosos herbáes fulxei, as  
derradeiras rayolas do sol que fuxe, as lostre-  
gantes fouscías das segadoras.

Un labrego cruzáuse conmigo, saúdame  
e perguntame se é certo que logo haberá  
eleccións. No seu rostro alcéndese unha sorri-  
sa, que o mesmo poíde sere respirador de

## UN HOMENAXE

Na vila de Porriño foi ousequiado con  
un banquete de numerosos cubertos o  
xenial poeta da raza, Ramón Cabanillas.  
Ouxeto do banquete foi a celebración do  
gran trunfo qu'o poeta por escelenza con-  
queriu no estreno da sua primeira obra  
teatral, a tan gabada «Man de Santina».

Pronunciáronse moitos e moi entusias-  
tas brindis, sobresalindo, entre eles, o qu'o  
homenaxeado pronunciou.

Todolos concurrentes á festa saíron  
d'ela faguendo votos pra qu'o poeta tra-  
balle cada vez más, xa que, de sere eisí,  
os laureiros por él recollidos serán a mellor  
ofrenda feita á Patria.

## Xa que non trinamos...

D'unha bulra sanguinolenta mais acaba de ser  
víctima o labrego galego, e Galicia entera, polo  
mesmo.

Despois de tanto berrar pregando os Poderes  
públicos que trouxeser mainzo da Arxentina  
para a nosa Terra, decidiuse o Goberno a tra-  
guel-o mainzo.

Encarregouse un cargamento. O cargamento  
salu d'América. Viña para nós. Mais... non se  
sabe pol-o qué, a conta é que barrou nas Cana-  
rias e allí fica.

Falan os xornás labercos de reclamacións es-  
tindo responsabilidades; falan do celo do dinis-  
mo cacique Sánchez Anido, falan... do diabo.

E de romate, xa veredes: nin responsabilida-  
des, nin celo do Sr. Sánchez Anido, nin farrapo  
de gaita.

¡Ai! pero iso si: Galicia, a Galicia labrega,  
atopárase sin mainzo mañá como oxe e onte.  
Porque non sabe que as fouscías serven mais que  
para a sega das mises.

Xunta de Gandeiros, xunta d'Agricultura,  
xunta de... Todos estos organismos oficiais so-  
bran, namentres sexan farsadas caciquis onde  
algúns homes de boa fe viven trabucados.

## LETRAS IRMÁNS

## NOTAS MARXINAEs

Por ECA DE QUEIROZ

... d'este lado do río  
... o namorado.  
E a moza dos ollos pretos  
... do outro lado.  
Mas o río era profundo,  
non se podían xuntar.  
Nunca o sol alcontra a lúa.  
Tal andaba aquelle par.  
... froles.  
... á auga tam dar;  
... os bellos  
Ficaban todos no ar.  
A mozi...  
Disse adeus ao namorado;  
E foi...  
... batidas do povoado.  
Elle ficou amarelo,  
como a vela d'un altar.  
Mas se o río...  
Non se podían xuntar.  
Anoiteceu...  
Por alí andou penando:  
E por fin lanzou-se ao río  
E o río...  
.

Mas as flores foran prenderse  
Nas suas maos cós de cera.

Na marxe do papel marcado, onde se ollaban aluda istes anacos d'una vella cántiga, algúen escribeu istas notas desordenadas e estranhas:

I  
Oh, doce cántiga dos namorados da beira do río, ti és unha verdade sempre nova! Alinda hoxe o tristé anda penando nas augas escuras; e os teus ollos, oh serena rapariga, son eternamente fáiscol!

Non era elsi como eu pensaba no tempo d'aqueles nosos amores, non nome que eu non escrivo d'aqueles amores tan doces como a misticidade das nosas noites d'autono—tan coloridos e vagos como agudas nubes, que sempre no ar andávamos formando e desfandendo.

II

Oh voluptuosidade! ti és a imaxe do Océano nos teus caprichos. Agora arrúlaste, docemente dourada cós derradeiros raios do sol; despóis dormes tranquila, ós calores silenciosos; por fin axitas-te, chela de tempestades.

III

E, cando eu te fitab, non ollaba mais as froles, nin as pombas, nin as estrelas; mais, cando pensaba en ti, oilábase delicada como total-as froles, voluptuosa como total-as pombas, lumiosa como total-as estrelas.

## IV

As veces, solitario e silencioso, via pasar na soma diante de min, como unha lexión d'inspirazóns rapsódicas, os teus ollos humildos como violetas debaixo d'auga; despóis os teus brazos da cor do mármore; despóis os teus cabelos negros e fluctuantes...

En fin, sobor d'un fondo maraveloso, aparescías ti; superbamente serea, perfeita e lumiosa!

## V

De cada un dos teus deseños nascia unha flor.

E os meus salaios, como a brisa serea da tarde arrollaben cómemente aquelas froles marxinæs.

E as froles medraban, medraban até tornárense magnóreas grandes; o vento tomava as pregulzosamente pol-o tallo; e elas, inclinando as suas facianas pálidas, confávanlle os perfumes de mís segredo.

E as magnóreas ían crescendo até tornárense nun arbre immenso. Entón o vento enroscábase no tronco, insinuábase na pola, e facta latexar as follas sonoras.

E entón o ábre abalábase, como nun sono axitado; despóis adormecía e donaba ó redor unha soma serea e consoladora.

## VI

Cando te fito, despertan no meu pobre corazón as melonías e as doces melanconías d'amor, como na primadeira se reazan as aves e se desarrollan as violetas.

Cando me falas, todo se alumea con constelacións apaixoadas e semella que pasan dentro de min todolos arumes das magnóreas.

Mais se me dis que me queres moito, sintó que ven logo unha extraña invernía descortarme as faces, desfollar me a alma de todalas emocións, e cobrir de xeada todolos tollos de sexos.

Oh! endexamás me digas que me queres moito.

(Continuará).

## POLÍTICOS QUE DAN NOXO

## ALGO SOBOR DAS ADUANAS

Po-la leitura d'estas pequenas consideracións, verán os amantes d'A NOSA TERRA, en que consiste a cencia traducida en "fórmulas", dalguns dos homúnculos que até fat poucos días se chamaban os donos do Parlamento hespafiol.

Pra ninguén é un sagredo que o demócrata-marqués—democracia con marquesadou—dirán é non sin bóa razón os leitores—das mantelgadas foi, c-o disolvente decreto d-as Cortes, ferido n'aquela parte que más lle doi.

Os carneiríos da sua probe manada ó verse fora do "Agro," gardado polos simbólicos leós, xuntáronse espantados preto d'el tamén simbólico Boabdil astorgán, chorando con ti a tristeira sorte dos comúns destíos, próximos de darse por desauciados—flexindo que non todos eran lanudos—tomaron ó acordo de protestar contra a determinación constitucional dissolvendo as Cortes (coadres n-a nosa Terra), facendo, ademais, esta medofinta declaración—fórmula d-a xenial típica democrática—: "El partido ratifica con entusiasmo la frase feliz de su jefe, PRONUNCIADA en memorable discurso, de que 'la hora actual no es la hora de las derechas'."

¡Fuxide monxes e frades, bispos e cardenales! Sorralamos á palabra "pronunciada," porque hogafío é empregada, ¡tembra terral polos marqueses demócratas en sinal de "pronunciamiento"!

E elsi, n'estes nosos tempos, como a nobreza d'ouríxen marroqui, fermosa procedenzal, ameaza os Pazos dos Reis d'Hespaña.

Non é a actual a hora d'as dereitas... ¡naturalmente! Pró partido dos Manolos e dos Santiagos a hora d'oxe, e a de mañan, debería pertencer-lles com'a d'onte, e non sendo elsi... ¿á qué sacrificarse c-a xenremia de M. Ríos? é ademais, o tempo non tería ningún valor e pasaria tan inútilmente pola esfera dos reloxes com'os ríos pol-o territorio hespafiol que sin arbres transportan ó mar o que, os países civilizados, retifien con obras de cultura e verdadeiro patriotsmo.

Elqui contentámonos c-ós discursos das caixas valeiras dos Albas, Gircas, Sanches, e c-ós pantaneiros proleutros dos Gisets...

Axíña direi algo ó queridos leitores d'A NOSA TERRA sóbor dos pantanos que enterraron os suores do contribuente sin lucro algúns pra ti.

¡Probe Hespaña!

Vendo o que pasa e a letal indiferenza do pobo diante das macacadas d'uns políticos de tal raleia, e por engádega acéfalos, invertidos, malvados e noxentos, non polo por menos de lembrame da grande razón con que o meu illustre e fraternal amigo, Antón Villar Ponte, dícia "que con tal xeito d'oligarcas e políticos sin cencia é sin concencia, tifia vergofia de ser hespafiol".

Vergofia e solo vergofia debemos ter todos os galegos por consentirmos qu'elqui, mais qu'en parte algúha, vivan as taifas e os corsarios que nos impoñen os políticos far-santes e dexenerados d'un centralismo que é perciso esganar, denantes qu'Hespaña intela poña por único remedio a emigración forzosa, ou morra de fame ó pé das riquezas que-lles foron roubadas polos seus administradores.

"Non é ista a hora d-as dereitas...," seño-

res diputados: la democracia es la única fórmula salvadora...»

¡Probe Hespaña! Nunca con tanta propiedade se puldo afirmar, que nin ti podias chegar a menos nin eles (¡badulaques!) a mais.

Agora particularmente con nós. Si non queremos presenciar a ruina completa d'esta terra que tanto amamos, é perciso decatarse, para evitala á tempo, que solo barreudo como se barren as porquerías os políticos... non parando até deixalos n-as cloacas, será tempo compretamente perdido todo o que s'empregue d'outra manerla.

Solo elsi se dará unha proba de que nos tomaron por outros, de que se enganaron, de que non se xugou impunemente coa seriedá e coa vida dunha raza, dende logo, dína de millor sorte.

Os políticos a que vimos referindounos son, n'hai que dubidalo, os que, dia trais dia, alongan o deserto—¡terrible cáncer!—da nazonalidade hespafola.

No artigo de fondo d-o derradero número d'A NOSA TERRA vimos ben, molto ben defendida, a necesidade de suprimir as aduanas d-o noso litoral como meyo fraco de dar soluzón a probeza da nosa rexión.

Segundo por ese camiño, convén que todolos galegos valan axuntando as suas forzas pra barrer o aldraxe que no noso país representan o actual sistema aduaneiro.

E perciso ter en conta que as nosas aduanas son cadeas qu'impiden a alimentación do noso pobo.

Vede, pois, mesnadas dos bárbaros e florantes caciques... vede como é comenente votar os oligarcas pra qu'esas cadeas aperten mais!... Vede o voso país representado por canto n'il hal de mais perverso, ruln e criminal... védeo, védeo ben, e dimpois non vos quelzedes acudindo a autuazón galeguista pra defender-vos d'aqueles ladróns a quien pra roubarbos lle destes o voso voto... ¡Ai!, non porque os tempos d'alcender as duas velas, pasaron prá nunca mais voltar.

Se o voso amor a terra é coma o que lle temos os galeguistas, tende ben presente que solo sacrificándose por ela poderá conseguise a sua libertade e a independenza da sua asoballada economía.

Téndeis elsi presente; non-o esquenzades.

Non se diga de vós que sodes os mais Axelados pra ser maltratados, porque a continuación d'ese infamante dito, sería—non-o dubidedes—a confirmazón mais vergonosa da vosa mesquita idiosincrasia.

Sigamos coás aduanas.

Non quero findar este artigo sin que denantes vexades a crítica d'aquelhas oficilias, falta polo emfente Notario de Frómista.

Eis o asunto: «Calquera Arancel d'aduanas é un críme, porque repersenta o saqueo de toda unha nazón en proveito de duas ducias de persoas; mais ainda, que é un feixe de crímes porqu'antras suas columnas de números factinerosos vai comprendida toda a escala termométrica da dor humana, e o que trais d'eles

ven a atoparse ó fin, non é a proteuzón a industria nazonal, e minte quen o diga; é a destruzón premeditada da produzón; é o estancamiento do país na barbarie; é a paralizazón vountaria do tráfico e dos negocios; é o aniquilamento dos melos de transporte; é o paro forzoso; é a oligarquia dos favorecidos; é o roubo do traballo; é a vida triste e cara; é o motivo de todal-as guerras; e a prostituzón; é a doença; e a fame é a emigración a forza; é delito pol-a probeza e pol-o embrutecimento...».

¿Hai ou non hai razón pra escramar, ¡probe Galicia?

Namentras se consintan ta'es oprobios, namentras os fillos d'esta terra non manden ó inferno a quien sendo seu representante é escravo vil dos caciques e do infamante centralismo que nos pecha as portas dos artigos qu'elqui se percisan pra vivir, e nós abre os portos pr'a emigración; namentras non se remate con todo isto, ¡non será continual-o sistema das farsas que foron o credo dos nosos democráticos marqueses, políticos d'oficio, xenros aproveitados que trocaron o amor pol-as carteiras ou baixaça! donadas polos sogres, en conceuto de dote, a conta d'iste país que non tuvo enerxías d'abondo pr'os condenar a todos?

F. VÁZQUEZ ENRÍQUEZ

Santiago, Maio de 1919.

## Verbas acesas

O nazonalismo é unha relixión sin sacerdotes. Todolos seu adeptos o son e cada un d'eles ten de sere un apóstol infatigable, sin posibilidade d'acougo, da patria verdadera e única, da patria natural.

A lingua d'un país é o que principalmente difrenza os seus cibudadans dos pertenecentes a outro calquera. Por consiguiente, trocalo, esquecelo pol-o emprego d'outra é a confirmazón mais decisiva da satisfaizón con que o que tal fai ollaría que a sua patria, perdendo as características más esenciais, viñese a trocárese, deixando de sere ela mesma, n'unha alonganza da nazonalidade onde s'emprega a lingua con que se supranta a propia.

Quen non sinta a propia patria terá de sere capaz dos maiores ausurdos.

O amor a terra onde se tivo o berce é como unha ampliazón do amor da familia. Suprimida ista a maneira d'ampliazón do amor familiar e ollaredes, a pouco que s'esculque, como a base d'ela tampouco ten realidade, como é algo inexistente.

Quen non sexa capaz de sacrificárese polos seus (¿cómo poderá sacrificárese polos estranos?)

A falla de patriotismo—e por patriotismo básico, fundamental, enxergase o nazonalista—é a principal condición pra pôr en dúbida, sin temor a trabucazóns, o altruismo verbale-

ro de moitos que, cós seus feitos, arrenegan da terra onde ollaron a luz primeira.

\* \* \*

Todo porpagandista sinceiro d'un ideal ten de sentir carraxes e xenreiras que aparezan condensadas n'unha a xeito de sutil voluptuosidade destructora.

En todal-as verbas, ainda nas mais macias e apagadas, de calquer apóstol, latexa adolto o sentimento d'unha pasión aniquilladora, algo como arela d'esterminio pr'os contrarios.

Por iso o nazonalismo qu'é esaltazón e amor intenso e sentimentalidade fonda e impulsu cordial ten d'amostrárese, pesi os tartufos, atelgado de nobres xenreiras. Elas, lonxe de seren negativas terán de donarlle a cohesión estreita e fortísima que teñen todolos grupos ligados pol-o aglutinante sin igual do odio común e do mesmo enemigo.

\* \* \*

Nós solos, sempre solos, na espréndida solidade da nosa digna fachenda de superiores a todos, teremos de sere más fortes que axuntados, inda que fora circunstancialmente, os maiores.

Pr'as colectividades como pr'os individuos—falamos das colectividades puras e aburadas pol-o fogo d'un ideal xeneroso e redentor cal o nazonalista—é apricabre aquela afirmazón ibseulana de que o individuo illado é o mais forte.

R.

## PEQUENAS CONSIDERAZÓNS

Loita curiosa

A'gunhos xornaes da Corte anunciaron, comentándo algueiramente, qu'os siñores Sota e Ibarra, opulentos navieiros bilbaínos, pensaban presental-a sua candidatura pra diputados por Villarcayo, un pobo de Burgos. Según todal-as trazas amos siñores resultan alí cuneiros. Conocerános seguramente d'ouvidas, pro nada mais. Saberán, iso sí, que poseen capitais fabulosos, que son dous multimillonarios da lonxana vila de Bilbao... E non os parece pouco!

E posibre, emporiso, qu'haxa no pobillo de referencia—pob'ño próximo a facerse histórico nos anales electoreiros, de confirmárese a nova—algunhos homes con presuncións de modernidade capaces d'alborzaren a sua voz contra o "xesto" d'ises opulentos siñoróns. E elo sería ausurdo e ridículo... Estámolo ouvindo: Sota e Ibarra van a disputárense unha acta valéndose do soborno, da merca de votos; escarnecendo ó sagro dereito do sufragio, aldraxando a libertade e os sentimentos cidadáns... Deber noso é protestar contra isto, tratar d'impedilo...

Que cativelo senso da realidade imprican semellantes monsergas! Non un aldraxe sinón unha honra pra aquel pobo, como pra todolos pobos de España, seria que un par de candidatos de tal calibre «calse» sobre d'elles. Unha honra e un immenso beneficio. Porque dádevos exacta conta do feito: Calquera dos ditos siñores, que resulte triunfante, procurará ou non defendere nas Cortes os intereses do distrito que "adequiriu", pra o seu uso político durante o transcurso d'unha legislatura. Xa sabemos

que os intereses dos distritos son pouco "interessantes", xeneralmente: unha estrada, unha estafeta, unhas credenciais, unha escola, nada ou casi nada entre dous pratos. Si defenden aqueles intereses cumplirán como outros cales quera pais da patria. E tal vez os defendan, por que costa tan infimo trabalho facelo! Mais ainda non defendéndos, ¿qué diputado terá nunca realizado servizo tan positivo e fecundo como o que tales candidatos realizarán, emborcando o seu presupuesto particular pra gastos supérfluos, íntegro, sobor dos electores do distrito? (casi ensalo de xustiza distributiva socialista). E decir que, gracias ó puxilato d'ises señores, caso de que se realice, palpáranse individualmente os beneficios políticos que, d'outro xeito, solo son palpabres dentro do común.

Antre votar a *fortiori*, con aparenzas de legalidade a un profesional da política, apolado polos caciques, ou votar, porque marca o noso voto y-elsi nos concede bellixeranza de proletarios d'un dereito civil, ó multimillonario Soto ou ó multimillonario Ibarra, a elección non é dubidosa. Ademais, unha loita elsi, como moi ben decía *El Sol*, ten tanto intrés como un match de boxeo antre dous campeóns do arte da trompada.

C. ESPASENDE.

## Peneirando...

¿Quén se non lembra da tan manoseada frase "Luz y taquígrafos", do Narciso balear, vulgo Maura?

E posibre que d'ela se tefian esquecido tan solamente o seu afortunado autore e só autore a sua fidelísima plara.

Pol-o menos elsi fai pensalo o troque tan singular da luz e dos taquígrafos d'antano polas somas e a xeneira á publicidade d'hogano.

Pro todo ten a sua esplicación. Unha cousa é predicar e outra donar millo.

■ ■ ■

A disgraza volcouse a eito sóbor das rexións vinícolas galegas, espallando por todas elas o aniquilamento das colleitas e levando, polo mesmo, a fame e a desesperazón a moitos fogares.

A Irmandade nazonalista d'Ourense cumpriu como boa demandando do Goberno protección pr'ós labregos arruinados pol-a fatali-

dade, e oferescendo ó mesmo unha fórmula que alivie a tristeira situazón en qu'aqueles se alcontran.

Non sabemos de ningún dos representantes en Cortes por aquelas terras que dixera unha soia verba sobre do caso ali onde deben declararse. Mais, en troques, cantas non dirían e seguirán ainda decindo nas antecasas do Ministerio da Gobernación. A custión do reparto das actas é tan importante que, diante d'elas, nada supón a fame e a miseria d'unhas aldeas mais ou menos.

■ ■ ■

O Ateneo de Madrid otorgoulle un voto de censura ó conde de Romanones pol-a sua atitude, como presidente da nomeada entidade, despois que n-ela tiveron lugar certas soadas confrenzas.

Ben, moi ben, parécenos isto, mais con todo, iso non abonda pra que o Ateneo fique limpo do lixo que sobor d'el se botou elixindo persidente ó coxo.

Agora qu'isto foi o lóxico sendo España, como é o país dos viceversas. E por iso moi natural era que na casa dos intelectuaes, como por antonomasia se lle chama, presidise o menos intelectual, no senso ríguroso da verba, dos seus socios. D'iste xeito a afirmazón ficou comprobada unha vez mais.

■ ■ ■

Un dos candidatos que na próxima contenda eleitoral—tapénol-a nariz—teñen de probare sorte nun distrito galego—disque o de Caldas de Reis—é o castelán autore d'aquela novela galega *apoloxética* nomeada "Los nietos de los celtas".

E dise s'nda mais. Disse que o tal castelán Rafael López de Haro, nome que nos produce noxos, persentárase cun carácter de rexionalista.

Peña, vergoña e xeneira produce todo iso. E unha vez más fica amostrado como o rexionalismo é a tapadeira con que se cobren na actualidade moltas vergoñas e moltos trapicheos noxentos.

Por algo todolos que son puros e bons fan a figura cando de rexionalismo se fala, e solo queren pra si o dictado honrosísimo i-endexa-mais lixido de nazonalistas, que tanto asusta os vivales ou vivilos ó uso.

Netos dos celtas, a votar coma carnellos!

■ ■ ■

Parece que se pertende constituir un partido rexionalista idóneo ou mellor dito *ad hoc*

—digámolo elsi pra que ó decreto idóneo se non coide que falamos do desprezavel conservadurismo—a base da xefatura de Leonardo Rodríguez, o home que, ben recentemente e por mor d'unha carteira, trocouse de conservador besadista en liberal romanista, cousa ben sinxela de fagure toda vez que, como todos saben, entre os partidos monárquicos non hai diferenças ideolóxicas e solo hai as diferenças do nome e do amo que dirixe os carreiros.

Estado maior do partido en xestazón serán sin dúbida, Lope de Haro, Varela Menéndez, Asubía, etc., etc.

Non se sabe si o prehistórico e ancestral ouradore Vázquez de Mella figurará n-él en calidade de ninfa Egeria, agora qu'iso do xamismo e da evanxeilización troglodítica pasou a millor vida...

Por de contado, Vázquez de Mella, xa lles pidiu a venia ó Sr. Gasset, a Viturro e más a Aller, pra presental-a sua candidatura por Arzúa.

E os arzuanos que xa, cando a guerra, sintironse kaiseristas, están d'embora.

■ ■ ■

O 1 de Xunio do 1917 xa sabedes o que houbo. Pois ben: o 1 de Xunio do 1919 xa sabedes o que haberá.

Entrambas datas pechan un ciclo, polo que anda, como alma en pena, a sombra de Pavia.

E Maura, o home civil tan cacareado, no poñerio e sin espolos.

Namentras aturuxa forte Aguilera.

■ ■ ■

Temos que protestar contra a grande inxustiza que se pertende facere. O chistoso xornal crufiés "El Ideal de García", non soa pra órgano do nacente partido rexionalista, o cal quer decir que ningúeu se lembrou d'él.

Nós, xusticellos denantes que nada, pedimos os señores do márxen que se non esquezan do dito xornal. Facelo sería d'unha ingratitud sine nome. E iso non pode ser, despois dos méritos elaborados a brazo qu'o xornal en custión tén.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

Faise cárgo de todas as de traballo gráfico, en imprenta, litografía e fotograbado, así como sellos de caucho

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAVADO

Telef. 434

A CRUÑA

## Os viños e coñás millores

son os que se exporta a casa de PEDRO DOMECQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa más antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com os dos cosechelos exportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EXCLUSIVO: (matriculado) de todas estas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

## A NOSA TERRA

**FRÁBICA MECÁNICA  
:: DE CALZADO ::**

— DE —

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15  
A CRUÑA

**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**  
A CRUÑA

Disponible



**Abonos Químicos Mineraes**  
Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo  
bordelés **ROUCH**

Rexenerador **ROSTTAM** pra os animais  
debiles, pra que as gallinas poñan mais hovos,  
etcétera.

Pídanse prezos e condizós a  
**Fernández, Fano y C.ª — A CRUÑA**

**VIÑOS FINOS**  
**RIOXA — MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concessionario en Galicia:

**WALDO LOSADA — A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra  
todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Farmacia Europea**

— DE —

**López Abente****REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un  
dos estabrecimentos da sua crase  
que mais honran a Galicia. Monta-  
da con arrebro ós derradeiros  
adiantos.

**ASTRERÍA**  
DE  
**AMBROSIO GUDE**

RUA REAL, 59-1.<sup>o</sup>

N'este acreditado estabrecimento, que conta  
co'a clientela más elegante da Cruña, fánsen-  
traxes á medida, uniformes militares e demás  
prendas de vestir.

Todo con arrebro á derradeira moda.

**LA MODERNISTA**

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

— DE —

**RAMOS E ACEA**San Andrés 94-1.<sup>o</sup> — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de  
estufa de desinfeción e todolos aparatos hi-  
giénicos. Especialidade en lavabos de cabeza,  
loctos e friclos de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o pú-  
blico un servicio permanente a cargo dos  
seus propietarios, antigos dependentes das  
más importantes peluquerias, desta capital.

**GRAN FONDA**  
**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102. — A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de  
mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes  
reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de  
todos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en ferreira á Habana.	:	:	:	:	:	:	:	Ptas. 298 60
Veracrus	:	:	:	:	:	:	:	313 60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.  
Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.  
Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariná**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.— Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.